



CRITERIO DE TOMA DE MOSTRAS PARA COVID-19

Na situación actual, **tomaranse mostrax para COVID-19 nos supostos seguintes:**

- Doentes con infección respiratoria aguda que estean hospitalizados ou os que cumpran criterios de ingreso hospitalario.
- Doentes con infección respiratoria aguda de calquera gravidade que pertenza a algún dos seguintes grupos: (a) persoal de centros sanitarios e socio-sanitarios e (b) outros servizos esenciais (policía, bombeiros, ...)
- Doentes con infección respiratoria aguda que non cumpre criterio de ingreso hospitalario e que pola súa situación poderían beneficiarse de saber que a IRA débese a SARS-CoV-2:
 - Persoas con patoloxía de base: diabetes e enfermidade cardíaca ou respiratoria, alteración da coagulación, inmunosupresión, disfunción renal ou hepática, hipertensión arterial.
 - Persoas con 70 ou máis anos de idade.
 - Persoas que residen ou ingresan nun centro sociosanitario.
 - Transplantados.
 - Embarazadas.
- E, temporalmente, doentes con infección respiratoria aguda de calquera gravidade que nos 14 días previos ao inicio dos síntomas: (a) tiveron contacto estreito^[1] cun caso probable^[2] ou confirmado^[3] de COVID-19; ou (b) estivo nalgunha da áreas de risco que se viñan empregando ata agora^[4].

[1] Contacto estreito: quen, **despois de que o caso do que é contacto iniciase os síntomas:** a) coidouno sen utilizar as medidas de protección axeitadas (familiares, amigos, sanitarios); **ou, b)** estivo no mesmo lugar e a menos de 2 metros que el (conviventes, visitas, ...). En principio, todos os contactos do apartado b) consideraranse de baixo risco, agás que estivesen expostos máis de 15 minutos.

[2] Caso probable: caso posible no que os resultados de laboratorio para SARS-CoV-2 no son concluíntes ou son positivos só pra unha das PCR do criterio de laboratorio empregado para definir caso confirmado.

[3] Caso confirmado: caso posible no que a PCR de screening é positiva e a PCR de confirmación nun xen alternativo ao de screening tamén é positiva^[4].

[4] Toda China, Corea do Sur, Xapón, Singapur, Irán e Italia; e en España: Comunidades de Madrid, Rioxa e país Vasco

Notificación de casos de COVID-19 a Saúde pública

A Saúde pública notificaranse **só casos confirmados** coa sistemática vixente na actualidade.